



DO MAR Á CLASE E DA CLASE AO MAR

ACTIVIDADES DE EDUCACIÓN AMBIENTAL
MARIÑA NO CONCELLO DA CORUÑA



13 GRADOS

QUEN SOMOS?

13 GRADOS somos unha Cooperativa Galega sen fins de lucro formada no ano 2020 dende a que levamos a cabo unha labor de divulgación e conservación do medio mariño en Galicia a través da realización de diferentes actividades e a elaboración de recursos didácticos, especialmente pensados para achegar e coñecer a riqueza do noso litoral, comprender a súa importancia e transmitir a necesidade de coidalo e de levar unha vida máis sustentable.

Cada vez somos máis conscientes da importancia de coñecer e coidar o lugar no que vivimos e existe un interese renovado por vivir a natureza dun xeito diferente. En 13 Grados queremos abrir unha ventá dende a que asomarnos á vida baixo o mar e concienciar sobre o noso papel na súa conservación. Non se pode conservar o que non se coñece, de aí a importancia de descubrir este mundo paralelo que se agocha ao outro lado da superficie. O motor do noso traballo é unir a educación ambiental co ocio para gozar da natureza dende o respecto.



Cooperativa para a
divulgación e
conservación mariña



ACTIVIDADE NA AULA

Levar o fondo do mar á clase non é sinxelo, pero grazas ás imaxes que filmamos durante os nosos mergullos na costa galega e ao emprego de disciplinas artísticas como a ilustración trasladaremos a riqueza que caracteriza a parte somerxida das nosas costas ao centro educativo para poder explorala, coñecela e saber como participar no seu coidado.



MERGULLANDO DENDE A CLASE

A través de dinámicas participativas e recursos visuais (vídeos, fotografías e ilustracións realizadas por nós) percorremos o mundo submarino galego para coñecer a súa biodiversidade, as características dos seus habitantes e as relacións que manteñen co medio no que viven, poñendo especial atención na necesidade da súa conservación.

Contidos:

OUTRO MUNDO AO LADO DA CASA: Que cousas fan que a vida sexa tan diferente ao outro lado da superficie? Características e particularidades do medio mariño


REPASO POLA VIDA MARIÑA GALEGA: Descubriremos as principais paisaxes submarinas que se desenvolven nas augas galegas e a gran variedade de animais mariños nun mar que ten moito máis ca peixes.

CURIOSIDADES DO MAR: Sabías que nos fondos galegos tamén temos corais e tiburóns? ou que hai peixes que mudan as súas cores según a época do ano ou o seu estado de ánimo?

Ferramenta:

Presentación e entrega do libro “ALÉN DO AZUL”: Un libro-guía do mundo submarino galego como recurso e apoio para futuros traballos na aula. Choiva de ideas de posibles accións posteriores a realizar ao longo do curso.

Ten unha duración aproximada de **1 hora e 30 minutos** e está pensado para a participación dun máximo de **50 persoas**.



ACTIVIDADE NA PRAIA

Para coñecer en primeira persoa o medio mariño e reconectarnos coa natureza na que vivimos é fundamental visitala. Con estes obradoiros trasladarémonos a unha contorna natural moito máis complexa e rica do que imaxinamos: a praia, onde seremos testemuñas da cantidade de vida que estableceu neste ecosistema a súa morada e aprenderemos a participar na súa conservación.



DESCUBRINDO A PRAIA: ONDAS DE PLÁSTICO

Desta volta achegarémonos ás praias para identificar os diferentes rastros que as mareas deixan nesta contorna natural e a súa orixe, o que nos permitirá reflexionar sobre as causas e consecuencias da intervención humana neste ecosistema e buscar hábitos de vida máis sustentables que melloren o estado das praias.

Contidos:

O PROBLEMA DOS PLÁSTICOS: Cales son os principais refugallos que chegan ás praias? De onde veñen? Reflexionamos sobre o noso papel na conservación destes espazos de gran valor.

LOITA DE TITÁNS: Que rastros deben quedar na praia e cales non? Cal é a función dos elementos naturais? Comparamos a presenza de ambos (naturais e refugallos) para valorar a saúde da praia.

(DESCANSO)

Ferramenta:

FACEMOS CIENCIA CIDADÁ: Que é a ciencia cidadá? como podemos colaborar coa investigación e conservación da nosa contorna cando a visitamos?

Retiramos o lixo atopado na praia na parte anterior do obradoiro, identificamos, fotografamos e subimos os achados á plataforma de SURF RIDER. Aprendemos pautas básicas e respectuosas para realizar limpezas e rexistros posteriores.

Ten unha duración aproximada de **3 horas** e está pensado para a participación dun máximo de **50 persoas**.



The background features a large blue shark on the left and a school of smaller blue fish on the right. In the bottom left corner, there is a collection of white plastic waste items including a cup, a bottle, and a bag. A faint white grid pattern is visible in the center background.

13 Grados S Coop Galega

13gradosvigo@gmail.com

666 45 72 85

www.13grados.com



13 GRADOS